

**CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS
CIRCUITO PRAIA CABIO – A POBRA DO CARAMIÑAL**

04/03/2023

ORGANIZAN:

- Servizo de Deporte da Coruña da Xunta de Galicia

COLABORAN:

- Concello da Pobra do Caramiñal
- Agrupación Deportiva As Rías
- Agrupación Deportiva do Barbanza

REGULAMENTO COMPETICIÓN CAMPO A TRAVÉS

PARTICIPANTES:

Para o Campionato Galego (alevín, infantil e cadete) clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase provincial, así coma os 10 primeiros atletas clasificados individualmente que non estivesen incluídos nos equipos clasificados, sempre e cando entrasen na meta entre os 15 primeiros.

En casos excepcionais, ou por interese da selección galega, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá autorizar a participación de atletas a título individual que non participasen no campionato provincial, ou nunha fase comarcal.

É imprescindible ter feita a mutualización obrigatoria dos/as atletas na web <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>

CATEGORÍAS:

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO
Alevín (masculino e feminino)	2013 e 2012
Infantil (masculino e feminino)	2011 e 2010
Cadete (masculino e feminino)	2009 e 2008

Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS:

Nas categorías alevín e infantil cada equipo estará formado por un máximo de 6 atletas e un mínimo de 4, das/dos que puntuarán as/os 4 mellor clasificadas/os; na categoría cadete cada equipo estará formado por un

máximo de 6 atletas e un mínimo de 3, das/dos que puntuarán as/os 3 mellor clasificadas/os.

Todas/os as/os participantes deben portar a camiseta do seu club ou centro.

En calquera momento, o Xuíz Árbitro da competición poderá solicitar a identificación dos participantes. Polo tanto, os delegados dos distintos clubs ou centros educativos deberán portar os carnets de XOGADE, ou no seu defecto as listaxes de cada equipo do que sexan responsables.

Todos os aspectos non recollidos nesta normativa e na normativa específica de Campo a Través da Secretaría Xeral para o Deporte serán regulados pola organización do evento en coordinación co Servizo de Deporte da Coruña.

INSCRICIÓNS:

As inscricións realizaranse con prazo máximo ata as 20:00 horas do martes 28 de febreiro de 2023

A inscrición realizarase a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo sdp.rfea.es, coas claves de usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada entidade.

No caso de non atopar na relación de cada entidade a algún dos deportistas, enviarase un correo para que se engada este deportista á base de datos. Esta xestión farase enviando ao correo competicion@atletismo.gal os seguintes datos (nome e apelidos, data de nacemento, clube, licencia ou mutualidade, ...)

Aquelas entidades que non teñan asinado usuario e contrasinal para facer a inscrición na intranet da RFEA enviarán un correo electrónico a: competicion@atletismo.gal, remitindo a folla de inscrición que se adxunta.

Calquera dúbida relativa coa inscrición poderase chamar por teléfono á Federación Galega de Atletismo 981291683.

Os dorsais recolleranse por cada entidade na secretaría da competición.

CLASIFICACIÓNS:

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual: segundo a orde de chegada á meta, por categoría e sexo.
- Por equipos: coas entidades ou colexios que completen equipo na liña de meta, sumando os puntos obtidos polos/as tres ou catro corredores/as mellor clasificados/as, segundo a categoría; resultará vencedor o equipo que menor número de puntos obteña. Se se produce empate entre dous ou máis equipos, concederase mellor clasificación a aquel no que o/a derradeiro/a corredor/a puntuado obtivese mellor posto.

PREMIOS:

Entregarase medallas aos/ás 3 primeiras/os atletas da clasificación individual e trofeo e medallas aos 3 primeiros equipos de cada categoría.

HORARIO:

HORARIO	PROBA	DISTANCIAS APROXIMADAS
10:45	Retirada de dorsais	-----
11:30	Alevín Feminino	2.000 m
11:50	Alevín Masculino	2.000 m
12:10	Infantil Feminino	2.500 m
12:35	Infantil Masculino	2.500 m
13:00	Cadete Feminino	3.000 m
13:25	Cadete Masculino	3.000 m

CAMPIONATO ESPAÑA COMUNIDADES AUTÓNOMAS CADETE:

A categoría cadete participará no Campionato de España por Seleccións Autonómicas de Campo a Través, convocado polo Consello Superior de Deportes, formando parte da selección galega os 3 primeiros clasificados/as do Campionato Galego Escolar e os 3 primeiros clasificados do Campionato de Galicia Sub-16.

NOTAS:

- Para o traslado do alumnado ao lugar de celebración da proba, os/as responsables ou delegados/as das entidades poranse en contacto co Presidente da súa Agrupación que contactará co Servizo Provincial de Deportes correspondente, unha vez formalizada a inscrición.
- Darase PIC-NIC ó rematar as competicións aos participantes e responsables que deberán confirmar a súa asistencia e número ao Servizo Provincial de Deportes correspondente antes do martes 28 de febreiro ás 12:00 horas.



CIRCUITO:

Pendente confirmar.

CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES

